

1. Os textos descritivos

O **texto descritivo** serve para explicar como é algo ou alguén.

Segundo a intencionalidade e finalidade pódense diferenciar dous tipos de descrições:

- A **descrición técnica** ou obxectiva.
- A **descrición literaria** ou subxectiva.

Tipos de textos descritivos

Segundo a realidade descrita sexa un obxecto, unha persoa ou unha paisaxe pódense diferenciar os seguintes tipos:

- Descrición de obxectos ou de seres vivos.
- Descrición de lugares ou ambientes, denominada **topografía**.
- Descrición de realidades abstractas como sentimentos, emocións, ideas, sensacións...
- Descrición de épocas, feitos históricos ou períodos de tempo determinados, **cronografía**.
- Descrición de persoas. Distínguese entre:
 - a) **Prosopografía**.
 - b) **Etopea**.
 - c) **Retrato**.
 - d) **Caricatura**.

2. Os textos narrativos

A **narración** é un tipo de texto en que se conta unha historia ou suceso que ten lugar nun espazo e tempo determinados.

Para facer a análise dunha narración téñense en conta:

- Os **personaxes**.
- O **espazo**.
- O **tempo**.
- A **acción** ou **argumento**.
- O **narrador**.
 - a) Narrador en primeira persoa.
 - a) Narrador en terceira persoa.
- A **estrutura**.
 1. **Introdución**: parte inicial do relato na que se presenta a situación.
 2. **Nó**: momento de maior complexidade da historia.
 3. **Desenlace**: episodio final no que se resolven ou finalizan os conflitos.

3. Os textos expositivos

Os **textos expositivos** ou explicativos transmiten información de xeito obxectivo.

- **Modalidade divulgativa:** informa sobre un tema de interese xeral.
- **Modalidade especializada:** require o coñecemento dunha determinada ciencia ou dunha parcela da mesma por parte do receptor.

4. Os textos argumentativos

Un **texto argumentativo** ten como finalidade persuadir o destinatario do punto de vista que ten sobre un asunto ou ben convencelo da falsidade dunha opinión previa.

Teñen unha estrutura dividida en tres partes:

- **Tese:** expón o feito ou hipótese.
- **Argumento:** conxunto de razoamentos que apoian a tese.
- **Conclusión:** o emisor retoma a tese inicial e demostra a validez da súa formulación.